

1 Egua. Capa castaño claro. Dunha idade de 3 a 4 anos.

1 Egua. Capa raxada agrisada. Dunha idade de 3 a 4 anos.

Advírtese de que se, transcorrido o prazo sinalado, non se presentasen os donos a reclamar as citadas reses, acreditando ser os seus donos, procederase á realización da subasta para a súa venda, conforme o determinado no artigo 13 do devandito regulamento. Dita subasta terá lugar o segundo día hábil posterior ó do remate deste prazo, ás 12 horas, no Salón de Actos da Casa do Concello. Se ese día coincidise en sábado o acto trasladarase ó seguinte día hábil.

Fíxase un prezo de partida en 200 euros. O prezo ten que ofertarse polo conxunto e as poxas faranse incrementado o prezo de partida de 10,00 en 10,00 euros. O adxudicatario terá que depositar o prezo de adxudicación ó remate da poxa.

Moraña, 10 de xaneiro de 2012.—A Alcaldesa, María Luisa Piñeiro Arcos.

**2012000299**

\* \* \*

## **P O I O**

### **A N U N C I O :**

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 7 de decembro de 2011, núm. 234, referente ó acordo adoptado polo Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de novembro de 2011, sobre a modificación do artigo 5 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Licenzas Urbanísticas, na que se modificou o artigo 5 relativo a “Base imponible de Cota”, incluído un apartado 6º, sen que se presentasen reclamacións en contra da mesma, e en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, queda aprobada definitivamente dita modificación e faise pública dita ordenanza:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANISTICAS**

##### *ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licenza urbanística”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, da que as normas atenden o provisto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

##### *ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime de Solo e Ordenación urbana, Texto refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que teña que realizarse no termo municipal, axústanse as normas urbanísticas, de edificación e policía, previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa Urbanística deste municipio.

##### *ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO*

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou no seu caso arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións, ou se executen as obras.

2.—En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os constructores e contratistas das obras.

*ARTIGO 4.—RESPONSABLES*

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE E COTA:*

1.—Licenza de Obras e Proxectos de Urbanización:

a) Constitúe a base imponible desta taxa o custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) As cotas desta taxa serán as seguintes, sobre o orzamento de execución material:

— Cota única: 0,6%.

— Cota mínima a liquidar: 24 euros.

2.—Licenza de primeira ocupación:

Consitúe a base imponible desta taxa a realización da actividade tendente a comprobar que os edificios de nova construción reúnan os requisitos esixidos nas Ordenanzas Municipais de Plans de Urbanismo así como as condicións de habitabilidade necesarias para a cualificación de vivenda ou construción para a que se solicitou licenza, e liquidarase de acordo coa superficie construída.

*-Vivendas Colectivas:*

Ata 100 m<sup>2</sup>: ..... 60 euros

De 101 a 150 m<sup>2</sup>: ..... 90 euros

De 151 a 200 m<sup>2</sup>: ..... 120 euros

De máis de 200 m<sup>2</sup>: ..... 150 euros

*-Vivendas Unifamiliares:*

Ata 100 m<sup>2</sup>: ..... 90 euros

De 101 a 200 m<sup>2</sup>: ..... 108 euros

De 201 a 300 m<sup>2</sup>: ..... 135 euros

De máis de 300 m<sup>2</sup>: ..... 210 euros

*-Resto de Inmables:*

Por cada 100 m<sup>2</sup>: ..... 90 euros

3.—Parcelacións:

Por cada licenza de parcelación ou reparcelación que se presente a trámite satisfará por cada parcela resultante: 60 euros.

4.—Declaración de ruína:

Por cada solicitude que se formule e trámite de declaración de ruína de unha edificación: 300 euros.

5.—Fixación de liña e rasante: 60 euros.

6.—Declaración municipal de inclusión en situación legal de fóra de ordenación total das edificacións e construcións executadas sen licenza municipal ou sen autorización autonómica previa que se atopaban totalmente rematadas con anterioridade o 1 de xaneiro de 2003:

- Edificacións ou construcións de ata 150 m<sup>2</sup>: 150€
- Edificacións ou construcións de 151 a 500 m<sup>2</sup>: 300€
- Edificacións ou construcións a partir de 501 m<sup>2</sup>: 1.000€ por cada 500m<sup>2</sup>.

#### ARTIGO 6.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida nos tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

#### ARTIGO 7.—DEVENGO

1.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, a este efecto, entenderase comezada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo o formulase expresamente.

2.—Cando as obras se comezaran ou executaran sen obter a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se comece a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia do comezo do expediente administrativo que poida instruírse para autorización desas obras ou a súa demolición se no fosen autorizables.

3.—A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en xeito ningún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada a modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida.

4.—No caso de desestimento ou renuncia do solicitante unha vez nacida a obriga, pero antes da concesión ou denegación da licenza, procederá a devolución do 50% das taxas aboadas.

#### ARTIGO 8.—DECLARACIÓN

1.—As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, no que conste o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio.

2.—Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación dun proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un orzamento das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar, en xeral, das características da obra ou actos cuos datos permitan comprobar o custo daqueles.

Se dito orzamento non se presentase, a obra realizada valorarase polo Servizo Técnico municipal.

3.—Ás solicitudes de licenza de parcelación acompañaranse os seguintes documentos asinados por técnico e visados polo Colexio respectivo, memoria, plano de situación, plano do terreo indicando lindes e superficie total e plano do terreo, coa segregación a realizar, con indicación da superficie das parcelas resultantes, título de propiedade e certificación gráfica e descritiva do catastro.

4.—A instalación de carteis de propaganda esixirá acompañar á solicitude de licenza, a presentación de plano de situación e emprazamento de cartel, con indicación das dimensións e prazo previsto de duración do cartel autorizado, informe do Aparellador Municipal, Secretario e da Policía Local, acompañándose este último da correspondente foto do cartel, se este xa estivera colocado ou para completar o expediente unha vez autorizado e instalado e pago dos dereitos económicos que teña que percibir o concello pola autorización, sendo o prazo máximo de autorización de 3 anos, podendo denegarse a autorización do cartel e ordear a retirada de tódolos existentes sen autorización, por razóns de medio ambiente, Protección de Patrimonio Histórico Artístico e Leis Sectoriais.

**ARTIGO 9.—LIQUIDACIÓN E INGRESO**

1.—Liquidarase e esixirase o importe da Taxa, unha vez concedida a licenza urbanística. Non obstante, poderase esixir o importe da Taxa no momento de presentar a solicitude de licenza de obra, en calidade de depósito previo.

2.—A administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción no seu caso, da liquidación inicial.

3.—As liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso nas arcas municipais empregando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

**ARTIGO 10.—INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Primeira.—As licenzas urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses, se non se inician as obras, e se antes de que transcorran dous anos dende a súa concesión non se rematan as mesmas.

Segunda.—A exacción desta Taxa será compatible co Imposto Municipal sobre Construcións.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia comezando a aplicarse a partir da dita data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta modificación entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Poio, 16 de xaneiro de 2012.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

**2012000465**

\* \* \*

**PONTEAREAS****RECADACIÓN MULTAS - CONCELLO DE PONTEAREAS****E D I C T O****ACTO QUE SE NOTIFICA: Propostas de resolución.**

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, notificase proposta de resolución dos expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no enderezo que figura no rexistro de vehículos ou no de condutores e infractores, feito do que se ten constancia no expediente.

RODRIGUEZ GONZALEZ MANUEL ANGEL

**LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO.**

A sanción poderá facerse efectiva dentro dos 15 días naturais seguintes a aquel no que teña lugar a presente publicación, sempre que devandito pagamento se efectúe dentro dos 15 días naturais seguintes a aquel no que teña lugar a citada notificación, mediante ingreso na conta 2080-0517-41-31100089 de Novagalicia Banco, indicando nº de expediente, nome e matrícula.